

Biografía de autoras e autores

RAFAEL GARCÍA FERREIRA. Doutor en Historia Contemporánea pola USC. Traballou como investigador na mesma Universidade e colabora co Grupo de Investigación Histagra. A súa investigación ven xirando ao redor das dinámicas de mobilización da II República e da violencia exercida durante o golpe de Estado de 1936. A súa última publicación é *Outubro de 1934 en Compostela. Mobilización, consecuencias políticas e represión* (2024).

FRANCISCO ALONSO TOUCIDO. Doutor en Historia, Xeografía e Historia do Arte pola USC. Profesor contratado pola Universidade de Vigo, colaborador do Grupo de Investigación Eco-Past e xerente de Tempos Arqueólogos S.L., adicada á xestión do patrimonio cultural. Ten dirixido múltiples proxectos de arqueoloxía empresarial vinculados a obras públicas e privadas, así como proxectos de posta en valor, documentación e investigación de xacementos arqueolóxicos.

CONCHI LÓPEZ SÁNCHEZ. Doutora en Historia Contemporánea pola USC e técnica superior de investigación no proxecto CENOMI (Histagra-CISPAC). Forma parte de proxectos de investigación competitivos como «Violencia, delincuencia y conflictividad en tiempos de paz y de guerra en el mundo rural, 1850-1980», e ven de traballar no Plan de Memoria Democrática para a documentación e exhumación das fosas galegas da Guerra Civil.

ALFONSO IGLESIAS AMORÍN. Profesor na área de Didáctica das Ciencias Sociais da USC. Ten unha ampla traxectoria investigadora no ámbito da Historia contemporánea, centrada especialmente nos conflitos coloniais de España en Marrocos, na memoria colectiva e nos nacionalismos. Entre os seus traballos destaca *Marruecos, pan-teón del Imperio español (1859-1931)* (2022).

NOELIA VALIÑO VÁZQUEZ. Graduada en Historia (2018) e Máster en Servizos Culturais (2021). Actualmente é bolseira predoutoral no Campus Terra da USC, no Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea, e membro do Grupo de Investigación Histagra. Na súa tese aborda a utilización psiquiátrico polo Franquismo como espazo de reclusión de toda persoa relegada á marxe da nova sociedade pola súa ideoloxía, sexualidade, forma de vida, etc.

ANA PÉREZ VARELA. Profesora Axudante Doutora no departamento de Historia do Arte (USC) dende 2022. É membro do Grupo de Investigación Iacobus da USC e do Centro de Investigación Universitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). As súas investigacións están centradas na organización laboral dos oficios artísticos en Compostela, especialmente no paso do Antigo Réxime á Contemporaneidade, explorando o contexto de transmisión das técnicas artesanais e a institucionalización ilustrada da aprendizaxe, especialmente no eido da pratería.

ENCARNA OTERO CEPEDA. Licenciada en Historia pola Universidade de Tolouse Le Mirail. Foi docente en diferentes centros de educación secundaria en Melide, Padrón e Santiago de Compostela. Ten unha recoñecida traxectoria de mobilización nos campos da Historia e do Feminismo. Foi concelleira en Santiago de Compostela polo Bloque Nacionalista Galego e Directora Xeral de Vivenda na Xunta de Galicia. As súas últimas publicacións son *Mulleres en Compostela*, volumes I e II.

MIGUEL CABO VILLAVERDE. Catedrático de Historia Contemporánea da USC e membro do Grupo de Investigación Histagra. As súas liñas de investigación encádranse dentro da Historia rural e a Historia social, principalmente no referido á acción colectiva, o

asociacionismo e a politización. O seu libro máis recente é *Ese vento que vai sóbor da terra. A vida desmedida de Basilio Álvarez* (2023).

DANIEL LANERO TÁBOAS. Profesor do Departamento de Historia da USC e membro do Grupo de Investigación Histagra e do Centro de Investigación Universitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). Entre as súas liñas de investigación atópanse a Historia Social do Mundo Rural, a Historia comparada dos fascismos ou a Historia Agraria, cunha especial atención ao Franquismo, á transición á democracia en España e o Estado Novo portugués.

ANTONIO MÍGUEZ MACHO. Profesor no Departamento de Historia da USC e membro do Grupo de Investigación Histagra da USC e do Centro de Investigación Universitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). Entre as súas liñas de investigación destaca o estudo da historia dos movementos sociais e os procesos de construción da cidadanía, da memoria e do pasado traumático.